



Trompos ao camiño

Brinquedia organizou en San Martiño unha nova edición do Día do Peón

REDACCIÓN

Polo San Martiño, peóns ao camiño. Brinquedia, a rede galega do xogo tradicional, organizou e celebrou por quinto ano consecutivo o Día do peón o pasado día 11 de novembro. O acto central deste ano desenvolveuse na Alameda de Santiago de Compostela. Colaboraron a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Concello de Santiago (cancellería de Cultura e Servizos Socioculturais) e a Asociación de Xogo Tradicional de Santiago de Compostela.

Paralelamente a este acto central, nos centros escolares galegos tamén se celebraron nesa data actividades relacionadas cos peóns e outros xogos tradicionais.

A rede Brinquedia, en datas anteriores ao San Martiño, fixo chegar aos centros escolares e colectivos sociais numerosas propostas e información sobre os xogos tradicionais galegos e a necesidade de non esquecerlos, adicando unhas horas nos centros a xogar.

No acto central na Alameda de Santiago, un artesán foi facendo peóns para que os nenos participantes poideran ver o seu traballo. Tamén un experto fixo unha exhibición de malabarismos cos trompos; houbo obradoiros de manualidades ao redor da temática do peón para os máis pequenos e unha exposición de traballos realizados por centros educativos con motivo desta data. Finalmente, houbo unha interpretación conxunta da Canción do peón.

TIRA POLA PIOLA

O escritor Suso de Toro foi o encargado de ler o Manifesto "Tira pola piola", elaborado o gallo desta data e que a continuación reproducimos.

"Traballar todo o ano cansa,



Na foto de enriba, un neno fai bailar o peón na súa man, durante o acto central na Alameda de Santiago. Abaixo, a esquerda, Quico o artesán prepara un trompo. A dereita, Suso de Toro lendo o manifesto. // FDU



O escritor Suso de Toro foi o encargado de ler o Manifesto do Día do Peón

traballar un día e mais outro na mesma cousa é aborrecido. Así e todo hai días nos que o traballador ten o corpo golfo e quere brincar, eses días fabrica cousas para a alegría. Estes días pasados os ferreiros que fan ferramentas e os carpinteiros que amoblan as casas deixaron estar os traballos e

armaron animalións de madeira con punta de ferro. Son bichiños viradores. Baila, bailarín, baila,

Danza, salta, o meu peón, Brinca a miña buxaina O meu trompo toleirón. O peón é barrigón e polo pé moi agudo, é un bicho que quere brincar e que naceu aprendido, xa sabe bailar. Nada máis falta que ti aprendas primeiro, a buxaina vai agardar que alguén che ensine primeiro a que a envolvas coa túa piola, a modino, con xeito, unha volta e mais outra. Á que está envolta hai que sacar a lingua polo canto da boca e logo, atención, aí vai o peón! Elvira, tira, Manuel, dalle á piola. Son o teu trompo, Lánzame que non rompo". Este é o texto do manifesto do que é autor Suso de Toro.